

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA**

*ANUNCIO do 16 de xuño de 2021 polo que se lles informa ás persoas interesadas na obtención da habilitación do persoal de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas da convocatoria de cursos para obtención da acreditación de control de acceso aos espectáculos públicos e actividades recreativas, así como aos establecementos ou espazos abertos ao público (códigos de procedemento PR471A e PR472A).*

En virtude do establecido no artigo 8 do Decreto 48/2021, do 11 de marzo, polo que se regula a actividade de control de acceso aos espectáculos públicos e actividades recreativas, así como aos establecementos ou espazos abertos ao público en que se realicen (DOG núm. 56, do 24 de marzo), a Agasp convoca varias edicións do curso de formación necesario para a obtención da acreditación.

Na páxina web da Agasp (<https://agasp.xunta.gal>) está disponible a Resolución do 14 de xuño de 2021, do director xeral da Agasp, pola que se convocan 5 edicións do curso de formación para a obtención da habilitación do persoal de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas, na cal figuran os requisitos de participación, documentación que se debe presentar e forma de presentación, e datos que serán obxecto de comprobación por parte da Administración. Así mesmo, tamén se indican as datas, horarios, duración, desenvolvemento e lugar de realización dos cursos.

Tamén estará dispoñible na páxina web da Agasp o temario do curso.

As persoas interesadas poderán obter información adicional sobre esta convocatoria na Academia Galega de Seguridade Pública, a través dos seguintes medios:

- a) Na páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública (<https://agasp.xunta.gal>).
- b) No enderezo electrónico [formacion.agasp@xunta.gal](mailto:formacion.agasp@xunta.gal)
- c) No teléfono da Agasp: 886 20 61 10.
- d) No Servizo de Formación en Seguridade Pública na Agasp (avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada, Pontevedra).



e) Na guía de procedementos e servizos, no enderezo <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>

A Estrada, 16 de xuño de 2021

Santiago Villanueva Álvarez  
Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

CVE-DOG: brpdyza0-v980-qrk3-t2o1-fixut4asmtfp8

